



PROCEDEMENTO	Suspensión do Regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo. Proceso electoral 2018-2022.
--------------	---

ANTECEDENTES

Primeiro. A Federación Galega de Automobilismo na Asemblea Xeral Extraordinaria do 25 de marzo de 2018 aprobou o Regulamento electoral para a elección de membros á Asemblea Xeral, Presidente e Comisión delegada e o calendario electoral.

Segundo. O 26 de marzo de 2018 a Federación Galega de Automobilismo remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte o devandito regulamento electoral xunto coa acta da asemblea e unha proposta de calendario electoral que indica as datas estimadas de inicio e remate do proceso electoral.

Terceiro. O 24 de abril de 2018 a secretaria Xeral para o Deporte resolve devolver á Federación Galega de Automobilismo o texto do regulamento electoral e do calendario electoral para a súa emenda, concedéndolle un prazo de dez (10) días hábiles, a contar desde a recepción da súa notificación, para a súa nova remisión e aprobación definitiva

Cuarto. O 30 de abril de 2018 a Xunta Directiva da Federación Galega de Automobilismo formula alegacións ás emendas da Secretaría Xeral para o Deporte.

Quinto: O 16 de maio de 2018 a Secretaría Xeral para o Deporte informa as alegacións formuladas o 30 de abril de 2018 pero non resolve sobre a aprobación definitiva do regulamento electoral e o calendario electoral.





Sexto: O 18 de maio de 2018 a Federación Galega de Automobilismo remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte a convocatoria de eleccións no que se inclúe o acto de convocatoria polo Presidente, o regulamento electoral e o calendario electoral, así como a certificación da persoa que ocupe a secretaria xeral da Federación Galega de Automobilismo.

No regulamento electoral enviado xunto coa convocatoria consta que non se modificaron as seguintes emendas comunicadas na resolución do 24 de abril de 2018:

Artigo 3. Engadir no artigo o seguinte parágrafo: "O regulamento electoral estará publicado, durante todo o proceso electoral, no taboleiro de anuncios da F.G. de A e na súa páxina web, www.fga.es, no apartado procesos electorais.

Artigo 6.1. letra a) O requisito cuarto debe quedar redactado como segue: "Ter participado, dende xaneiro do ano anterior ao da celebración das eleccións, nunha competición oficial celebrada en Galicia **cada tempada.**"

Artigo 6.1. letra b). Ao requisito segundo débese engadir: "**.en cada tempada**".

Artigo 20.4. Débese engadir ao final: "un membro da asemblea poderá avalar cantos candidatos considere oportunos."

Falta que se recolla expresamente nalgún artigo do regulamento cal é a circunscrición electoral para cada estamento.

No **ANEXO I**, 2) MODELOS DE SOBRES PARA A VOTACIÓN PRESENCIAL, Falta dito modelo.

Polo que respecta ao calendario electoral:

FASE III Censo Provisional.

Exposición do censo electoral provisional. 10 días hábiles
Resolución de reclamacións. 5 días hábiles
Recursos contra a resolución 2 días naturais
Resolución do CGXD 5 días hábiles

FASE IV. Candidaturas e voto por correo

Aprobación do censo electoral definitivo
Presentación candidaturas/fin de prazo de solicitar voto por correo. 5 días hábiles.
Publicación provisional y/sorteo membros mesa electoral
Presentación reclamacións 3 días naturais
Resolución reclamacións 3 días naturais





Recursos ante o CGXD 3 días naturais
Resolución CGXD. 2 días hábiles
Proclamación definitiva de candidatos a asemblea xeral.
Fin do prazo para emisión do voto por correo. 6 días hábiles de antelación á xornada electoral pero con posterioridade á proclamación definitiva de candidatos..
Nomeamento de interventores 3 días hábiles de antelación.

FASE V. Elección a asemblea xeral

Xornada electoral: constitución mesa, votación e escrutinio
Remisión documentación á SX para o Deporte e a xunta electoral/ constitución da Mesa voto por correo Día seguinte hábil
Proclamación provisional de candidatos electos
Recurso ante o CGXD: 2 días naturais
Resolución recursos CGXD: 3 días hábiles
Proclamación definitiva de membros electos
Toma de posesión de membro da asemblea Xeral

FASE VI. Candidaturas á Presidencia/Comisión Delegada.

Presentación candidaturas a Presidente e Comisión Delegada: 5 días hábiles desde a proclamación definitiva de candidatos electos.
Lista provisional de candidatos e prazo de reclamacións. 3 días naturais
Resolucións das reclamacións 3 días hábiles
Recurso ante o CGXD. 3 días naturais.
Resolución CGXD 3 días hábiles
Proclamación definitiva.

FASE VII. Toma de posesión, elección presidencia e comisión delegada

Constitución da mesa electoral para elección da presidencia/comisión delegada e votación
Exposición do resultado. Día seguinte hábil
Reclamación ante o CGXD. 3 días naturais
Resolución do CGXD: 3 días hábiles
Proclamación definitiva
Toma de posesión día seguinte

Sétimo: A Secretaría Xeral para o Deporte nin resolveu nin notificou á Federación Galega de Automobilismo ningunha resolución aprobatoria do regulamento electoral e do calendario electoral.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Segundo o disposto no artigo 17.3 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas: "A Secretaría Xeral para o Deporte





resolverá, no prazo máximo dun mes, desde a entrada do regulamento no seu rexistro, sobre a súa aprobación ou a súa devolución para a emenda daquelas normas do regulamento que non se axusten ao disposto no presente decreto. Neste último suposto, indícanse estas e concederanse dez días hábiles para proceder á dita emenda. Transcorrido un mes sen que a Secretaría Xeral para o Deporte dite ningunha resolución entenderase aprobado o regulamento”.

2. O artigo 17.4. de dito regulamento establece que realizadas as modificacións, o novo regulamento remitirase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación definitiva.

3. A resolución aprobatoria do regulamento electoral pola Secretaría Xeral para o Deporte esgotará a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo.

De conformidade con todo o indicado, esta Secretaría Xeral


Resolve: Suspende a convocatoria de eleccións á Federación Galega de Automovilismo do 18 de maio de 2018 en tanto en canto a devandita federación non comunique o novo regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Automovilismo aprobado pola Asemblea Xeral Extraordinaria do 25 de marzo de 2018 coas modificacións indicadas na resolución de emenda do 24 de abril de 2018 e no antecedente sexto da presente resolución.

Esta resolución publicarase do mesmo xeito que se publicou a convocatoria de eleccións.

A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante a sola do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29 / 1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,
A secretaria xeral para o Deporte
Marta Míguez Telle





Acuse do sistema de Notifica.gal

Operación realizada	
Operación	<i>Aberta polo usuario</i>
Data operación	22-5-2018 12:29:32
Destinatario da notificación	
Identificador Notifica.gal	28263
Nome	<i>FEDERACION DEPORTIVA GALLEGA DE AUTOMOVILISMO EN CARVALLINO CGA</i>
Apelidos	<i>N/D</i>
NIF	<i>Q8255003I</i>
Entidade emisora	
Identificador Notifica.gal	764
Nome	<i>Secretaría Xeral Para O Deporte</i>
Procedemento notificado	
Identificador Notifica.gal	8645
Nome	<i>PRX002 Outros procedementos no ámbito deportivo</i>
Información sobre a notificación	
Identificador Notifica.gal	351076
Número expediente	<i>N/D</i>
Asunto	<i>resolucion suspension convocatoria</i>
Corpo da notificación (codificado en base64)	<i>cmVzb2x1Y2lvbiBzdXNwZW5zaW9uIGNvbnZvY2F0b3JpYSBBVVRPTU9WSUxJU01P</i>
Adxuntos (un hash por liña)	<i>0211aa077b9654e99701456433dcd5b8f7fe9e49</i>
Data posta disposición	21-5-2018 16:31:52
Data rexistro de saída	21-5-2018 16:31:48
Número rexistro de saída	<i>S 271147 / RX 745366</i>
Asinante da notificación	
Identificador Notifica.gal	28263

Nome	FEDERACION DEPORTIVA GALLEGA DE AUTOMOVILISMO EN CARVALLINO CGA
Apellidos	
NIF	Q8255003I